

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2022**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde en funcións D. Juan González Leirós

### **ASISTENTES:**

D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez  
D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros  
D. Daniel Mallo Castro  
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta

### **NON ASISTEN:**

D. Óscar A. García Patiño  
D. Diego Alcantarilla Rei

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

Non despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as catorce horas e trinta minutos do día dezaseis de setembro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do alcalde en funcións D. Juan González Leirós, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro e D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta.

Non asisten á sesión o Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño e o Sr. concelleiro D. Diego Alcantarilla Rei.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.- ADXUDICACIÓN DO LOTE 2 MEMORIA TÉCNICA DO “CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓNS E SERVIZOS CORRESPONDENTE A DETERMINADAS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA A MONTAXE DO EVENTO ‘OPEN SCIENCE CAMBRE’ DO PROGRAMA TDI (TODOS DEBEN INVOLUCRARSE) A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE NO ANO 2022, CON OPCIÓN DE PRÓRROGA A 2023”**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de economía, facenda e recursos humanos de data 16 de setembro de 2022 (CVD: LEzLI+5eBMCe219835vh).

Visto que con posterioridade á anterior proposta presentouse escrito no día da data por don Miguel Lemos Barros, actuando, segundo di, en representación de I2C Inspecciones S.L. (núm. rexistro entrada 202299900005026) no que expón que renuncia ao contrato de “Open Science Cambre 2022. Lote 2”.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos/as Sres/as concelleiros/as asistentes á sesión declarar deserto o Lote 2 Memoria Técnica do “Contrato mixto de subministracións e servizos correspondente a determinadas actuacións necesarias para a montaxe do evento “Open Science Cambre” do Programa TDI (Todos deben involucrarse) A CELEBRAR NO Concello de Cambre no ano 2022, con opción de prórroga a 2023”.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo